



ACTA Nº 2024/6

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 31 de xullo de 2024

No día de hoxe, ás 09:11 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Victor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

D.^a Josefa Campos Villar

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



A Alcaldesa-Presidenta excusa a ausencia de D. Mario Andujar Mouzo por motivos laborais e de D.^a Josefina Campos Villar por temas de cita médica.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2024.

2º. Ditame sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2023.

3º. Ditame sobre aprobación do expediente de modificación de crédito, modalidade transferencia de crédito núm. 2024/TC/11.

4º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Gerca Acero y Metal, SLU por mor das obras de construción de nave industrial, situada nas parcelas B5-B6 do parque empresarial.

5º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por D. José Manuel Alvite Tajés, por mor das obras de construción de nave industrial, situada na parcela N-1 do parque empresarial.

6º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Norgalicia Formigón, SL por mor das obras de instalación de planta dosificadora de formigón, situada nas parcelas A-1, A-2, A-3 e A-4 do parque empresarial.

7º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Ganadería Os Loureiros, SL por mor das obras de ampliación de instalación gandeira, situada en Reparada, parroquia de Salto.

8º. Proposta non ditaminada sobre designación de dous días de festivos locais para o ano 2025.

9º. Ditame sobre moción do Grupo Municipal do BNG referente ao financiamento da escola infantil de Vimianzo.

B) Sección de control

10º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

11º. Mocións de urxencia.



12º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación a citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión celebradas o 29 de maio de 2024.

2º. Ditame sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2023.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, o 23 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:

"1º. Proposta de ditame sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2023

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 3 de xullo de 2024, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA ACORDO PLENO

Asunto: Conta Xeral ano 2023

Exp tedec: 2024/T017/000001

Vista a providencia de Alcaldía do Concello de Vimianzo pola que se ordena incoar o expediente para a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2023.

Vista a confección da Conta Xeral por parte da Intervención Municipal que está integrada polos seguintes documentos:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) O de cambio do patrimonio neto.
- e) O estado de fluxos de efectivo.
- d) A Memoria.
- e) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- f) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio.



Publicada a Conta Xeral xunto co informe favorable da Comisión especial de Contas no Boletín oficial da Provincia de data 29 de maio de 2024, e transcorrido o prazo establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, sen que se presentasen alegacións a mesma.

De conformidade co disposto no artigo 212 do Texto Refundido da lai de Facenda Locais, para a rendición anual de contas e balances, procede a elevarse a seguintes PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprovar a Conta Xeral do ano 2023 que consta no expediente.

SEGUNDO. Remitir o Tribunal de Contas a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra, segundo o establecido no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria. e Sostibilidade Financeira, e demais normativa concordante, no Ministerio de Facenda.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica someramente o contido do ditame.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º. Ditame sobre aprobación do expediente de modificación de crédito, modalidade transferencia de crédito núm. 2024/TC/11.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o día 23 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:

“2º. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de modificación de crédito, modalidade transferencia de crédito núm. 2024/TC/11

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xullo de 2024, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO

1	Expediente - Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2024/T002/000033 2024/TC/11
---	---	--------------------------------

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito suficiente no vixente Orzamento da Corporación e dado que se dispón de crédito noutras aplicacións do presuposto vixente para o ano 2021 prorrogado do ano 2019, faise preciso a modificación de créditos consistente nunha transferencia de crédito.

Visto o informe de Intervención, e de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldesa propón a adopción do seguinte acordo, que elevarase o Pleno previo informe da Comisión de Contas:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito **2024/TC/11**, modalidade transferencia de crédito, por importe total de **26.618,80 €**, co seguinte detalle:

Abono da mensualidade do mes de decembro ao concesionario que presta os servizos de vivenda comunitaria, lavandería e comedor sobre rodas.

I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora na área de gasto 0:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
011 31000	Débeda pública Intereses	26.618,80 €
TOTAL		26.618,80 €

II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa na área de gasto 2:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
231 47200	Asistencia Social Primaria Subv para reducir o prezo a pagar polos consumidores	26.618,80 €
TOTAL		26.618,80 €

SEGUNDO.- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."



A Alcaldesa-Presidenta explica que a modificación orzamentaria ven disposta, pola necesidade da liquidación anual de Reacteda, co fin de contar con crédito dabondo respecto á súa estimación.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Gerca Acero y Metal, SLU por mor obras de construción de nave industrial, situada nas parcelas B5-B6 do parque empresarial.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o 23 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:

“1º. Proposta de ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Gerca Acero y Metal, SLU por mor obras de construción de nave industrial, situada nas parcelas B5-B6 do parque empresarial

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xullo de 2024, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO solicitud por Gerca Acero y Metal, SLU por mor obras de construción de nave industrial, situada nas parcelas B5-B6 do parque empresarial

Visto expediente núm. 2024/X998/000083 promovido por Gerca Acero y Metal, SLU, representada por D. Andrés Breijo Cotelo, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de construción de nave industrial de S+B+1 destinada a almacén de carpintería de aceiro e metal, situada nas parcelas B5-B6 do parque empresarial de Vimianzo, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro, na data do 20 de xuño de 2024 e no que se di o seguinte: “Exp. 2024/X998/000083

ASUNTO: Bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de construción de nave industrial situadas nas parcelas B5 e B6 do PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO

INFORME DE TESOURERÍA

ANTECEDENTES

- Expediente núm. 2024/U022/000002 sobre “solicitud de licenza de obras de construción de nave situadas nas parcelas B56-B6 do parque empresarial de Vimianzo” promovidas por **GERCA ACERO Y METAL SLU, CIF. B70093471.**

- Resolución da Alcaldía núm. 458/2024 do 17/04/2024 sobre concesión de licencia municipal de obras para construción de nave industrial destinada a almacén de carpintería de aceiro e metal, situadas nas parcelas B5 e B6 do parque empresarial de Vimianzo, con referencia catastral 7640617MH9774S0000AK e cun orzamento de execución material de 752.600,00 euros.

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



- Providencia da Alcaldía do 11/06/2024 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos).

- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024):

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../..."

6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. .../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GERCA ACERO Y METAL SLU CIF. B70093471

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a "Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo".

Consta no expediente una Memoria explicativa da construción dunha nave industrial composta de sótano, baixo e unha planta destinada a almacén de carpintería de aceiro e metal asinada polo Enxeñeiro industrial Manuel Breijo Coteló.

Para a implantación desta actividade, estimou o solicitante unha inversión de aproximadamente de 752.600,00 EUROS na que traballarán empregados da mesma empresa que actualmente desempeñan as súas labores nas instalacións adxacentes e que segundo as necesidades do proxecto e o avance das obras, considerarán a posibilidade de contratar persoal.

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO

A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaría unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.

O Tesoureiro

(documento asinado electronicamente)"

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo", cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105 do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

"6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.



Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.”

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Gerca Acero y Metal, SLU, representada por D. Andrés Breijo Cotelos, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de construción de nave industrial de S+B+1 destinada a almacén de carpintería de aceiro e metal, situada nas parcelas B5-B6 do parque empresarial de Vimianzo, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcalesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

5º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por D. José Manuel Alvite Tajés, por mor das obras de construción de nave industrial, situada na parcela N-1 do parque empresarial.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, o 23 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:

“4º. Proposta de ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por D. José Manuel Alvite Tajés, por mor das obras de construción de nave industrial, situada na parcela N-1 do parque empresarial

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xullo de 2024, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO solicitada por D. José Manuel Alvite Tajés, por mor das obras de construción de nave industrial, situada na parcela N-1 do parque empresarial

Visto expediente núm. 2024/X998/000092 promovido por D. José Manuel Alvite Tajés, representado por D. Jesús Manuel Mallo Puga, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de construción de nave industrial destinada a almacén e exposición de materiais de construción, situada na parcela N-1 do parque



empresarial de Vimianzo, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro, na data do 25 de xuño de 2024 e no que se di o seguinte: "Exp. 2024/X998/000092

ASUNTO: Solicitud de bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de construción de nave industrial destinada a almacén e exposición de materiais de construción situada na parcela N-1 do PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO

INFORME DE TESOURERÍA

ANTECEDENTES

- Expediente núm. 2024/U022/000011 sobre "**solicitud de licenza de obras de construción de nave industrial destinada a almacén y exposición de materiais de construción situada na parcela N-1 do parque empresarial de Vimianzo**" promovida por **JOSE MANUEL AVITE TAJES, DNI. 46895491D**.

- Providencia da Alcaldía do 24/06/2024 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos).

- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024):

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../..."

6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. .../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: JOSE MANUEL ALVITE TAJES DNI. 46895491D

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a "*Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo*".

Consta no expediente o proxecto básico da construción asinado polo Enxeñeiro técnico industrial Jesús Manuel Mallo Puga cun orzamento de execución material de 133.000,000 EUROS así como unha Declaración explicativa asinada polo solicitante no que manifesta que está a espera de que se lle conceda a correspondente licenza de obra (exp. 2024/U022/000011).

Para a implantación desta actividade, o solicitante comprométese á creación de -1- novo posto de traballo.

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO



A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaríase unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.

O Tesoureiro

(documento asinado electronicamente)"

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo", cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105, do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

"6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo."

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a D. José Manuel Alvite Tajés, representada por D. Jesús Manuel Mallo Puga, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de construción de nave industrial destinada a almacén e exposición de materiais de construción, situada na parcela N-1 do parque empresarial de Vimianzo, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

6º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Norgalicia Formigón, SL por mor das obras de instalación de planta dosificadora de formigón, situada nas parcelas A-1, A-2, A-3 e A-4 do parque empresarial.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o 23 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:



"5º. Proposta de ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Norgalicia Formigón, SL por mor das obras de instalación de planta dosificadora de formigón, situada nas parcelas A-1, A-2, A-3 e A-4 do parque empresarial

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xullo de 2024, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO solicitada por Norgalicia Formigón, SL por mor das obras de instalación de planta dosificadora de formigón, situada nas parcelas A-1, A-2, A-3 e A-4 do parque empresarial

Visto expediente núm. 2024/X998/000093 promovido por Norgalicia Formigón, SL, representada por D.^a Susana Salgado Salgado, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de instalación de planta dosificadora de formigón, situada nas parcelas A-1, A-2, A-3 e A-4 do parque empresarial de Vimianzo, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro, na data do 26 de xuño de 2024 e no que se di o seguinte: "Exp. 2024/X998/000093

ASUNTO: Solicitud de bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de instalación de planta dosificadora de formigón situada nas parcelas A1, A2, A3 e A4 do PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO

INFORME DE TESOURERÍA

ANTECEDENTES

- Expediente núm. 2024/U022/000016 sobre "**solicitud de licenza de obras de instalación de planta dosificadora de formigón situada nas parcelas A1, A2, A3 e A4 do parque empresarial de Vimianzo**" promovidas por **NORGALICIA FORMIGON SL, CIF. B27794432.**

- Providencia da Alcaldía do 26/06/2024 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos).

- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024):

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../..."

6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. .../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte



INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: NORGALICIA FORMIGON SL CIF. B27794432

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a “Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo”.

Consta no expediente un proxecto para a instalación dunha planta de formigón no parque empresarial de Vimianzo asinado polo Enxeñeiro técnico industrial Martín Lema Pose.

Para a implantación desta actividade, estimou o solicitante unha inversión de 90.147,24 EUROS no que manifesta o seu compromiso firme da creación de -8- postos de traballo (un deles de nova creación) de carácter fixo e que cumpra as condicións de antigüidade e residencia no término municipal de Vimianzo.

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO

A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaría unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.

O Tesoureiro

(documento asinado electronicamente)”

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do “Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo”, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105, do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

“6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordárase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.”

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Norgalicia Formigón, SL, representada por D.^a Susana Salgado Salgado, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de instalación de planta dosificadora de formigón, situada nas parcelas A-1, A-2, A-3 e A-4 do parque empresarial de Vimianzo, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á interesada e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez



Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

7º. Ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Ganadería Os Loureiros, SL por mor das obras de ampliación de instalación gandeira, situada en Reparada, parroquia de Salto

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o 23 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:

“6º. Proposta de ditame sobre bonificación do ICIO solicitada por Ganadería Os Loureiros, SL por mor das obras de ampliación de instalación gandeira, situada en Reparada, parroquia de Salto

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xullo de 2024, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO solicitada por Ganadería Os Loureiros, SL por mor das obras de ampliación de instalación gandeira, situada en Reparada, parroquia de Salto

Visto expediente núm. 2024/X998/000084 promovido por Ganadería Os Loureiros, SL, representada por D. Celestino Pose Velasco, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de ampliación de instalación gandeira, situada no lugar de Reparada, parroquia de Salto, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro, na data do 20 de xuño de 2024 e no que se di o seguinte: “Exp. 2024/X998/000084

ASUNTO: Bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de ampliación de instalación gandeira situada en Reparada

INFORME DE TESOURERÍA

ANTECEDENTES

- Expediente núm. 2024/U022/000006 sobre “**solicitud de licenza de obras de ampliación de instalación gandeira situada en Reparada**” promovidas por **GANADERIA OS LOUREIROS SL, CIF. B70504980**
- Providencia da Alcaldía do 18/06/2024 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos).
- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (*BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024*):
“Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../...”



6.2. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordárase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade."

.../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GANADERIA OS LOUREIROS SL CIF. B70504980

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a "Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade".

Consta no expediente unha declaración responsable, informe de vida laboral da empresa, memoria explicativa do proxecto de reforma de nave de vacuno de leite e o imposto de sociedades.

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO

A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaríase unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.

O Tesoureiro

(documento asinado electronicamente)"

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo", cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105, do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo, parágrafo segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

"6.2. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordárase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade."

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



PRIMEIRO.- Recoñecer a Ganadería Os Loureiros, SL, representada por D. Celestino Pose Velasco, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de ampliación de instalación gandeira, situada no lugar de Reparada, parroquia de Salto, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

8º. Proposta non ditaminada sobre designación de dous días de festivos locais para o ano 2025

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía, de data 26 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: designación de festivos locais para o ano 2025. Exp.2024/X998/000120

Visto o Decreto 171/2024, do 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 143, do 24 de xullo de 2024.

Visto o escrito con RE núm. 202400000002794, de data 22 de xullo de 2024, remitido polo Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no que dan traslado das festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das estatais, que se prevén para o ano 2025 e no que solicita que se remita antes do 01/09/2024 a comunicación dos dous días que teñen carácter de festas locais deste concello para o ano 2025.

Tendo en conta o establecido no art. 37.2 do estatuto dos traballadores, así como no art. 45 do RD 2001/1983, do 28 de xullo, sobre a regulación da xornada de traballo, e xornadas especiais.

Á vista do exposto, proponse ao Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2025 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:



- 22 de xaneiro (San Vicente)
- 11 de agosto (festas de verán)

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo ao Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino, en Vimianzo

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)"

De seguido o secretario explica a razón de incluír esta proposta como non ditaminada, xa que chegou o requirimento da Xunta de Galicia sendo o prazo de comunicación dos festivos locais, perentorio, 1 de setembro.

Sométese a votación a inclusión do asunto para o seu debate, sendo a votación final a unanidade dos membros presentes.

A Alcaldesa explica a proposta e os días festivos locais para o ano 2025, que serían:

- 22 de xaneiro (San Vicente)
- 11 de agosto (festas de verán)

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado a proposta de acordo.

9º. Ditame sobre moción do Grupo Municipal do BNG referente ao financiamento da escola infantil de Vimianzo

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Benestar Social, o 23 de xullo de 2024, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre moción do Grupo Municipal do BNG referente ao financiamento da escola infantil de Vimianzo

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG, na data do 10 de xullo de 2024, con RE 202499900001344, que indica o seguinte:

"MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE VIMIANZO.

Benjamín Queiro Pérez, voceiro do grupo Bloque Nacionalista Galego (BNG) no concello de Vimianzo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte PROPOSTA para o seu debate no Pleno da Corporación Municipal.

Exposición de motivos:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Na Costa da Morte, nas comarcas de Fisterra e Soneira, existen oito escolas infantís, para nenos e nenas de 0 a 3 anos, cinco pertencen á rede de escolas infantís de Galiza, en concreto as de Camariñas, Carnota, Fisterra, Muxía e Zas, mentres que as de Corcubión, Cee e Vimianzo son xestionadas polos propios concellos. Respecto das escolas da rede galega, cabe salientar que para o curso 2024-2025, hai matriculados 28 crianzas en Camariñas, 24 en Carnota, 25 en Fisterra, 19 en Muxía e 35 en Zas. Respecto das escolas infantís municipais, as de Corcubión, Cee e Vimianzo, estas ofertan 15, 57 e 61 prazas respectivamente, unha oferta que está moi por enriba da media ofertada pola Xunta de Galiza noutros concellos.

A escola infantil de Vimianzo xestionase mediante contratos de servizos ou de xestión de servizos públicos. A Xunta de Galiza anunciou anos atrás, como medida estrela, que a matrícula e cotas das escolas infantís de Galiza pasaba a ser gratuíta para todos os nenos e nenas. A cuestión é a conta de quen no caso das escolas municipais? No Concello de Vimianzo, o custo anual da escola infantil ascende a 318932,13€, namentres que a Xunta tan só aporta 61371€ para mantemento e pola gratuidade, o resto é asumido polo concello, significando esta cantidade o 20% do financiamento total da Escola infantil.

O goberno galego aprobou a Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza, que establece no seu artigo 11 que as administracións públicas de Galicia considerará prioritaria para impulso demográfico políticas de conciliación e corresponsabilidade que actúen como panca de participación das mulleres no mercado laboral, favorecendo o incremento dos índices de fecundidade e evitando desequilibrios na composición das cohortes de idades susceptibles de formar unha familia.

A mesma Lei ditamina no artigo 76, sobre as zonas de actuación prioritaria no impulso demográfico, que a administración autonómica establecerá os parámetros precisos para determinar dentro do medio rural e costeiro non urbano, as zonas de actuación prioritaria no impulso demográfico. Esas zonas serán obxecto de consideración preferente nos distintos ámbitos de actuación competencial das administracións públicas de Galicia.

Por outra banda, o art. 27.3 e) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, establece que co obxecto de evitar duplicidades administrativas mellorar a transparencia dos servizos públicos e o servizo á cidadanía e, en xeral, contribuír aos procesos de racionalización administrativa, xerando un aforro neto de recursos, a Administración do Estado e as das Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, a seguinte competencia. Creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil.

A propia Xunta de Galiza, nas licitacións publicadas na plataforma de contratos públicos, admite que a competencia é da propia Xunta, como na Contratación do servizo consistente na xestión, dirección e administración da escola infantil 0-3 San Paio en Vigo dependente da Axencia Galega de Servizos Sociais, Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, onde na memoria xustificativa do contrato pódese extraer afirmacións como que A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, establece no seu artigo 27.23, a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asistencia social.

Nas licitacións do Consorcio Galego de Servizos Sociais dos contratos de servizos de atención educativa na infancia das escolas do Pino, Monteporreiro, Coristanco ou Betanzos, entre outras, tamén asume a propia Xunta de Galiza o disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, entre outros, os seguintes:

Proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.



Promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Á vista da asunción pola propia Xunta da competencia exclusiva sobre a creación e xestión das escolas infantís, é preciso que a esta asuma e transfira o 100% do financiamento destes servizos nos concellos onde a xestión non é asumida directamente polo Consorcio Galego de Servizos Sociais, como é o caso do concello de Vimianzo.

Todo elo, en aras de respectar na actuación da administración galega o principio de igualdade de trato en todo o territorio e con todos os concellos galegos e de financiar integramente un servizo que non é competencia dos concellos galegos, avanzando no principio de “unha Administración, unha competencia”, evitando os problemas de solapamentos competenciais entre Administracións e axudando ás economías municipais a cumprir cos principios de eficiencia, estabilidade e sostenibilidade financeira.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG de Vimianzo propón o seguinte acordo:

PROPOSTA

- Solicitar á Xunta de Galiza que financie íntegramente o custo da escola infantil de Vimianzo para o curso 2024-25.
- Instar a Xunta de Galiza a que inclúa nos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2025 unha partida con dotación suficiente para sumir os custos da escola infantil do Concello de Vimianzo.”

Sometido a votación do asunto, a Comisión de Benestar Social, por un voto a favor do BNG, seis abstencións (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, emite ditame favorable a proposta de acordo.”

Aberto o turno de intervencións, D. Benjamin Queiro Pérez lee os datos normativos da moción presentada, e explica que o gasto social é moi alto en Vimianzo por mor da gardería que custou 318.000 euros, segundo os datos que el viu, e a finalidade da moción e solicitar á Xunta de Galicia a que cumpra coas súas competencias e asuma o gasto e a xestión da escola infantil.

D. José Manuel Rodríguez Blanco entende que hai que darlle unha volta, ver informes, se a proposta melloraría ou non a prestación do servizo, se non sería mellor solicitar maior financiación pero non perder a escola infantil. Conclúe reiterando que é necesario un previo estudo máis profundo.

A Alcaldesa-Presidenta concorda co dito polo representante do PP, e dí que estaría encantada que non só financiasen a gardería, senón tamén as estradas, abastecemento, saf....etc..

Nega que o gasto sexa de 318.000 euros, e se pregunta si, estando a favor do espírito da moción, sería posible o que se propón polo BNG, e que se financian o 100% e asumen a competencia que non se perdera nin un ápice da calidade do servizo, como así ocorreu co Centro de Día cando o BNG adoptou un acordo similar.

Plantexa que a única solución sería acollerse á Galiña Azul e que iso non o permitiría a Xunta de Galicia e amáis o servizo e peor en horario, menú, transporte, aberto en agosto e atención da prestación do servizo de Vimianzo, que por iso está moi demandado non só por veciños propios.



Continúa expoñendo que non só hai que estar ó aforro, ós números, senón tamén á calidade do servizo e dubida de que se fosen Galiña Azul, o gasto non sería superior con peor calidade, do actual que son 180.000 euros anuais.

Recorda que no ano 2014, coma figura nas actas plenarias, privatizouse o Centro de Día e empeorou o servizo e se perderon prazas.

Conclúe trasladando a súa vontade de apoiar o espírito da moción, pero o contido é inviable ante a Xunta de Galicia, salvo que se solicite a creación dunha liña de axuda específica e que non sexa unicamente para o ano 2025 coma figura na moción presentada.

Así, plantexa a seguinte emenda que substituiría íntegramente a petición final da moción:

Solicitar a Xunta de Galicia que estableza liñas de axuda que contemple a financiación 100% da Escola Municipal do Concello de Vimianzo, sen modificar ou alterar a calidade íntegra do servizo, mantendo ó persoal vinculado ó mesmo.

D. José Manuel Rodríguez Blanco adianta que votara a favor da emenda.

D. Benjamín Queiro Pérez alucina co que dí a Alcaldesa-Presidenta, e se pregunta se sabe máis que os letrados, e que recentemente apoiou unha moción para que o Goberno Central pagase máis polo SAF.

Amáis, lamenta que diga que facía o ridículo con esta moción.

Nega que plantexen pasarse á Galiña Azul, e non entende porque estes argumentos non se plantexaron na Comisión Informativa, conclúe aceptando que se soliciten informes ós servizos sociais.

A Alcaldesa-Presidenta aclara que non dixo que facía o ridículo, senón que o propio Concello en Pleno o faría se presentase esta moción tal cual está, xa que non existe o que piden, hai que crear unha liña de actuación.

Respecto ás Comisións Informativas, contesta que non estaba traballada a moción e por iso non se podían plantexar estes aspectos sen un estudio previo.

Primeiramente sométese a votación a seguinte emenda formulada de xeito oral:

“Solicitar a Xunta de Galicia que estableza liñas de axudas que contemple a financiación 100% da escola municipal do Concello de Vimianzo, sen modificar ou alterar a calidade íntegra do servizo, mantendo ao persoal vinculado ao mesmo”.

Queda aprobada a emenda pola unanimidade dos membros presentes.



De seguido, pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame que queda do seguinte xeito:

“Solicitar a Xunta de Galicia que estableza liñas de axudas que contemple a financiación 100% da escola municipal do Concello de Vimianzo, sen modificar ou alterar a calidade íntegra do servizo, mantendo ao persoal vinculado ao mesmo”

B) Sección de control

10º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario dá conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas dende o día 27-05-2024 con número 639/2024 ata o día 26-07-2024 con número 939/2024.

O Pleno do Concello douse por enterado.

11º. Mocións de urxencia.

Non constan.

12º. Rogos e preguntas.

D. José Manuel Rodríguez Blanco, pregunta e roga:

- En relación ás pedras en Padreiro respecto á nova variante.
- Roga se limpen as cunetas en o Sisto, Piñeiros e Padreiro de Abaixo.

D. Benjamín Queiro Pérez, pregunta e roga:

- En relación ó lugar de Braño, que hai vivendas que non poden conectarse ó alcantarillado municipal.
- Que dado que no vial entre Ogas e Valiña pasa moito tráfico rodado pesado, se poñan bandas rugosas, ou sinalización e se plantexe unha repavimentación.
- Que se modifique o horario da piscina municipal para pechar máis tarde.
- Que se trasladen os motivos de por qué na expropiación na Braña da Grixá, reducíuse a porción a expropiar seguindo os criterios marcados polo BNG e o PP.
- En relación ó cartel de denominación de lugar que poñía Cabana e logo pon Braño e Figaredo, por qué isto, e amáis, que se cite fin de núcleo de poboación.



- Que no prego que se faga para licitar o servizo de recollida de lixo, que leva máis de dous anos en precario, se especifique un prezo hora suficiente para que os traballadores cobren o mesmo que os empregados do concello.

- Que se modifique o horario dos plenos, pasándoos para a tarde e que se graben.

A Alcadesa-Presidenta responde a D. José Manuel Rodríguez Blanco, en relación ó asunto das pedras, que se poñerá unha malla e se limparan as cunetas, vinculado ó POS que se solicitará para Padreiro.

Respecto ás preguntas e rogos de D. Benjamín Queiro Pérez, se estudiará o saneamento en Braño.

Valorarase se é necesario, implantar máis bandas rugosas e sinalización en Ogas- Valiña.

Respecto ó horario de piscina, hai que convivir cos cursos e os horarios da xornada laboral.

En relación coa expropiación da Braña da Grixá, non se modificou nada, o que pasa e que a liña das NNSS, dada a súa antigüidade e inexactitude debido a técnica do momento da súa redacción, non é indiscutible o trazo. A continuación enzázanse nunha pequena trifulca sobre este asunto, sen chegar a unha conclusión consensuada.

En relación á sinal de Braño e Figaredo, explica que é unha sinal de dirección, non é de principio e fin de parroquia, que amáis e colindante con Camariñas. Iso faise para os municipios, non para as parroquias.

Respecto á preparación do contrato de recollida de lixo, aclara que o contrato rematou en outubro de 2023, non van dous anos, e a documentación é moi complexa, como corrobora o Secretario, ademais de que existen trámites previos á aprobación do expediente de contratación.

Continúa dicindo que sempre miran polo ben dos traballadores, pero que o BNG privatizou o servizo e comprou vehículos o que redundou nun empeoramento do servizo e das condicións de traballo, que non se poden determinar a través dos PCAP, como explica o Secretario, e non ten vinculación algunha o salario co prezo hora, que tampouco pode ser discrecional ou arbitrario, senón que se fixa en función dun estudo profundo dos costes directos e indirectos.

Entablan unha forte discusión, no que enfrontan as discrepancias, e D. Benjamín Queiro Pérez insinúa que a Alcadesa coñece quen vai ser o adxudicatario, ó que esta contesta que é moi grave dita acusación, e que estamos ante un contrato moi controlado xa que está suxeito a publicidade comunitaria, supervisado pola Comunidade Autónoma e que deixará que a oposición este na mesa de contratación.

Remata apelando á transparencia e recordando que non está na mesa de contratación.

En relación co tema do horario dos plenos, comenta que o estudarán.



Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 11:42 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz